

CANTIGAS DO MAGOSTO 2015 6º

É tempo de celebrar
de fogueiras e de festas
de recoller as castañas
para enchernos as cestas.

Volve outra vez o bulicio
á escola de Campolongo
estamos todos moi ledos
na festiña do Magosto.

Cando chega o Magosto
e van caendo as castañas
os rapaces van buscalas
para papalas asadas.

Rematado o outubro
co seu frío e os seus ventos
compoñemos estas rimas
pra cantalas moi contentos.

Saúdamos a novembro
nesta mañá de ledicia
dándolle bicos e apertas
e celebrando este día.

Xa estamos en outono
e o Magosto vén con el
hai xogos, lérias e risas
e as cantigas tamén.

No patio de Campolongo
soan frautas e hai cantos
imos comer as castañas
e rematar todos fartos.

As castañas do Magosto
moi ricas van a estar
comerémolas asadas
ao rematar de cantar.

Hoxe os alumnos de sexto
imos dirixir os xogos
para que nenas e nenos
gocen xuntos do Magosto.

Sopra os dedos rapaciña
ten coidado coas mans
deixa as castañas que pelan
non te vaías a queimar.

Os rapaces no Magosto
que ben o imos pasar
entre enredos e castañas
das clases imos librar.

EDL CEP CAMPOLONGO